

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO: 2019/2020

Noelia Pereira Saavedra

María Sanmartín Gómez

Patricia Casillas Álvarez

Marisú Janeiro Caramés

José Carlos Domínguez Valcárcel

## **ÍNDICE**

1. OBXECTIVOS E CONTIDOS.
2. COMPETENCIAS
3. AVALIACIÓN, CRITERIOS E ITEMS
4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE
5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

## **1. OBXECTIVOS E CONTIDOS**

### **Área de coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal**

#### OBXECTIVOS

- Recoñecer e identificar as partes e funcións fundamentais do seu corpo coordinando cada vez mellor os seus xestos e movementos..
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación ás regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

#### CONTIDOS

- Exploración e progresivo afianzamento do esquema corporal.
- Satisfacción pola adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais e desenvolvemento da propia personalidade.
- Desenvolvemento do xogo como medio para coñecer a realidade

### **Área de coñecemento do contorno**

#### OBXECTIVOS

- Observar, explorar e interpretar de forma activa o seu contorno mostrando interese polo seu coñecemento.
- Relacionarse coas demais persoas, interiorizando as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas.

#### CONTIDOS

- Primeiros grupos sociais: relacións afectivas desenvolvendo actitudes de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.
- Resolución de situacións lóxico matemáticas sinxelas da vida cotiá.
- Propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Identificación dos cambios ambientais e do medio natural.

## **Área de linguaxes: comunicación e representación**

### OBXECTIVOS

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias e coñecementos.
- Desenvolver e sentir autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respetando e valorando as creacións propias e alleas.

### CONTIDOS

- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Potenciación da imaxinación e a fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Utilización da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións.

## **2. COMPETENCIAS**

### **Competencia en comunicación lingüística**

Esta competencia fai referencia á comunicación oral e escrita con todo o que leva implícito como representar, interpretar e comprender a realidade, organizar os coñecementos ou autorregular o pensamento, as emocións e a conduta. Para mellorar esta competencia fomentaremos a participación do alumnado en conversas, levaremos a cabo actividades de animación á lectura e escritura....

### **Competencia matemática**

Consiste na habilidade para empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático. Contribuiremos á súa consecución traballando elementos matemáticos básicos,

resolvendo problemas e ampliando os coñecementos cuantitativos e espaciais da realidade.

### **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

Esta competencia refírese á habilidade para interactuar co mundo físico e coidar o medio natural e a saúde individual e colectiva. Contribuiremos á consecución desta capacidade iniciando ó alumnado no pensamento científico, e potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, descubrir alternativas, xerar novas ideas e solucións...

### **Tratamento da información e competencia dixital**

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento. Está asociada á busca, selección, rexistro e tratamento da información, usando técnicas diversas, o que implica un grao de autonomía por parte do alumno.

### **Competencia social**

Esta competencia consiste en comprender a realidade democrática desta sociedade plural. Contribuirase as habilidades sociais que permitan mediar nos conflitos de convivencia, axudar a resolvelos con actitude construtiva, e a tomar decisións con autonomía, sempre facendo uso do diálogo e da negociación.

### **Competencia cultural e artística**

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, polo que a escola tentará estar aberta a todas elas.

### **Competencia para aprender a aprender**

Contribuirase á adquisición da conciencia do que se pode facer por un mesmo e do que sabe e do que é necesario aprender. Contribuirase á mellora da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros de aprendizaxes, traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización das tarefas a realizar.

### **Autonomía e iniciativa persoal**

Para que os alumnos adquiren conciencia dun conxunto de valores e actitudes como responsabilidade, perseveranza, autoconhecimento e autoestima, creatividade, autocrítica control emocional, ... Permitirémoslles imaxinar, emprender accións, desenrolar proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

### **3. AVALIACIÓN, CRITERIOS E ITEMS**

Como recolle a programación didáctica “a avaliación será global, continua e formativa e o procedemento de avaliación máis axeitado é a observación directa e sistemática”. Debido ás circunstancias excepcionais que estamos a vivir nestes momentos entendemos que resulta imposible realizar unha correcta avaliación do alumnado sin telo dainte. Farase un informe individualizado de cada alumno e alumna tendo en conta a evolución observada durante os dous primeiros trimestres, sinalando, sobre todo, aqueles aspectos nos que exista unha necesidade de reforzo de cara ó vindeiro curso.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

#### **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**

- Coñecer de forma progresiva o seu esquema corporal , identificando as partes do corpo en si mesmo/a , noutro neno/a en un debuxo.
- Desenvolver progresivamente a súa autoestima e a autoconfianza en si mesmo/a.
- Participar en xogos utilizando as posibilidades expresivas do corpo para comunicar sentimentos, emocións, necesidades e desexos.

#### **Coñecemento do medio (medio físico, natural, social e cultural)**

- Dar mostras de interese polo medio natural. Identificar e nomear algún dos seus compoñentes. Manifestar actitudes de respecto e coidado cara á natureza e participar de forma activa en actividades para conservala.
- Ser cada vez máis autónomo.
- Empregar os números para clasificar, contar, identificar e informarse de elementos da realidade.
- Achegarse a usar e comprender nocións temporais básicas da súa vida cotiá.

Linguaxes: comunicación e representación:

- Utilizar a lingua propia do modo máis convinte para unha comunicación positiva cos seus iguais e coas persoas adultas.
- Comprender mensaxes e textos diversos transmitidos de forma oral, mostrando unha actitude de escoita e comunicación atenta e respectuosa.
- Traballar os textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas... leelos, reproducilos, memorizalos, ilustralos e modificalos
- Desenvolver a autoconfianza nas producións artísticas persoais respectando e valorando tamén as dos demais.
- Participar na interpretación e representación de cancións.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC.
- Mostrar unha actitude positiva cara a lingua estranxeira.

**ITEMS 3ª AVALIACIÓN**Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal

- Sitúa os obxectos e localízaos: diante-detrás, dentro-fora, arriba-abaxo, preto-lonxe, enriba-debaixo..
- Participa activamente nas actividades e tarefas.
- Remata as tarefas e actividades que empeza.
- Ao rematar unha actividade individual, ordena o material.

Coñecemento do contorno

- Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.
- Asocia algúns números coas cantidades que representan.
- Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo.
- Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula.

Linguaxes: comunicación e representación

- Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías...
- Participa cando se fan actividades musicais.
- Participa activamente nas representacións e no xogo dramático

#### **4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE**

As titoras de 4º de Ed. Infantil e os mestres de apoio estivemos en continua comunicación: a través do teléfono personal, con programas de videconferencia, utilizando o correo electrónico e coa creación dun grupo de whastApp.

No aspecto comunicativo escola-familia explicar que unha vez que transcorreron uns días e constatando que a situación se ía a prolongar no tempo fixemos unha chamada telefónica a cada unha das familias dos nosos alumnos e alumnas. Foi unha chamada cercana e de apoio, na que aproveitamos para comunicarlles que na web do centro poderían atopar diferentes ofertas de actividades, propostas, xogos e ideas. Así mesmo explicámoslles a necesidade da instalación da aplicación AbalarMóbil para poder establecer un primeiro fío comunicativo e informativo. A través desta aplicación transmitimos diferentes avisos e puxemos á disposición dos pais e nais unha dirección de correo electrónico para atender e solucionar tódalas consultas ou dúbidas que as familias nos foron achegando. Houbo durante todo este tempo unha relación de estreita comunicación coas familias de alumnos con Neae, periódicamente vanse achegando dende o Departamento de Orientación distintas propostas individualizadas.

#### **5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A información ás familias da modificación da Programación será a través dos medios polos que estivemos en comunicación con elas durante todo o tempo dende a interrupción das clases presenciales, é decir, páxina web do colexio, teléfono ,os correos electrónicos das familias e a plataforma Abalar.